

# EDITORIAL PENTA (Monte Alto Ediciones)



**"EDICIONES PENTA non é mais que unha continuidade da miña experiencia profesional"**  
*Ángel Vilches Vilches*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Editorial
<b>Sector de actividade</b>	Actividades de formación
<b>Nº empregados</b>	2
<b>Inversión inicial</b>	180.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	A Coruña, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1995

## Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa editorial dedicada ao libro de texto.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Creo que podo atribuír o éxito do meu negocio á capacidade persoal no sentido de que teño unha boa relación cos meus clientes, fornecedores e autores. Desta forma conseguín desenvolver unha boa capacidade negociadora con fornecedores e clientes.

Grande parte do éxito é unha cuestión de teimosía; no negocio da editorial "o que aguanta é o que gaña".

### Situación actual

Na actualidade teño dificultade para introducirme no mercado. Atópome co problema ademais da imposibilidade de financiamento para a meu capital circulante. E ademais, a cambiante lexislación imposibilita a planificación. En definitiva, estamos nun momento no que existen posibilidades de desaparición da empresa.

### Perfil cliente

Os meus clientes son sobre todo profesores de instituto con inquiredanzas.



## Idea inicial

Sempre estiven relacionado co mundo da literatura, coñezo autores, fornecedores ...

Pero sobre toda, foi a miña experiencia anterior o que me levou a montar a miña propia empresa. Neste sentido, poderíase dicir que "EDICIONES PENTA" non é máis que unha continuidade da miña experiencia anterior.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- A lexislación cambiante.
- Dificultades relacionadas coa baixa taxa de natalidade e a mala imaxe de mercar libros de texto posto que cada vez son máis frecuentes as reivindicacións para que sexan gratuítos.
- Os planos de estudio son moi cambiantes, e iso supón un notábel incremento dos custos.

Pero a principal ameaza futura é a gratuidade dos libros de textos. Iso faría desaparecer a empresa.

## Perfil promotores

Arquitecto e deseñador gráfico

Desde 1995 traballa no sector da dirección editorial.

## Aptitudes necesarias

- Intuición
- Capacidade de manobrar nun entorno moi cambiante
- Capacidade para desenvolver unha adecuada selección de persoal



## Guía de Actividad

**Pequena editorial** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
Dirixir persoas e organizacións**

**A independencia que proporciona  
Ser o meu propio xefe**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Curso de xestión empresarial do Programa LANZA para emprendedores do IGAPE.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Non. Creo que é máis importante a situación do mercado e as posibilidades de financiamento.

## Anecdotalio

Non dispoñible

